

REGRAS DE INSCRICIÓN NA VIAXE Ó XAPÓN 2025

1. A inscrición na viaxe segue a seguinte **orde de preferencia**:

- a) Alumnado activo e egresado do departamento de xaponés da EOI de Vigo
- b) Alumnado, profesorado e persoal non docente da EOI de Vigo doutras linguas.
- c) Alumnado menor activo do departamento de xaponés da EOI de Vigo e un acompañante adulto, que deberá ser o titor legal do menor.
- d) Acompañantes dos grupos A e B.
- e) Resto de xente interesada

2. No caso de que a inscrición sexa realizada por unha persoa **menor de idade**, terá que ir, **NECESARIAMENTE, acompañada na viaxe por unha persoa coa tutela legal**, e que será responsable da persoa menor de idade **en todo momento**. Nese caso, a persoa acompañante terá a prioridade propia do menor. Soamente se aceptarán inscricións de menores de idade que pertencen ó grupo a). A axencia de viaxes porase en contacto cos titores legais no caso de menores.

3. As inscricións faranse na conta de correo da organización da viaxe (**Viaxexaponeoivigo@gmail.com**) e a prioridade dentro de cada grupo será por estrito **ORDEN DE CHEGADA** da solicitude.

4. As solicitudes poderanse enviar **a partir das 21:30** do martes día **1 de outubro de 2024**.

5. O **prazo de inscrición segundo a orde de preferencia** reflexada no punto ① destas pautas **remata o venres 4 de outubro de 2024 ás 22:00**. A partir de esa data, **poderanse enviar solicitudes, pero pérdese a orde de preferencia** establecida no punto 1 e o prazo para facer o ingreso **do primeiro pago comeza o martes 8 de outubro de 2024**.

6. A solicitude enviada terá que incluír os seguintes datos:

- Nome e apelidos do candidato ou candidata
- DNI
- Número de teléfono de contacto
- Correo electrónico
- Grupo de pertenza (no caso de ser do grupo a) indicar o profesor e o nivel)
- Nome e apelidos da persoa acompañante (no caso de ter unha) e número de teléfono.
- En caso de menores de idade, **INDICAR** na solicitude así como o nome do titor ou titora legal.

7. O envío da solicitude implica a aceptación das **condicións de protección de datos** establecidas na convocatoria pola organización da viaxe. A saber:

- Os datos das persoas interesadas soamente se empregarán para consulta da organización e envío á axencia de viaxes para a tramitación da solicitude.
- En calquer momento as persoas inscritas poden exercer o seu dereito de rectificación, cancelación e modificación enviando un email á esta conta:

Viaxexaponeoivigo@gmail.com